

## PEZA DO MES

marzo

2000

---



### VENTÁ DE REZA VELLA

ESTA PEZA É UN RESTO CONSTRUCTIVO DUN EDIFICIO DO SÉCULO X, DO QUE HAI OUTRAS TESTEMUÑAS, QUE NOS REVELAN A EXISTENCIA DUN “ORATORIO” DA ÉPOCA MOZÁRABE NAS BEIRAS DO MIÑO, EN REZA VELLA, NAS INMEDIACIÓNS DE OURENSE.





RESTOS DA PRIMITIVA CAPELA

## VENTÁ DE REZA VELLA

As novas da existencia desta peza remóntanse os anos cincuenta, cando don Xesús Ferro Couselo a describe e publica unha foto coa peza chantada na parede dunha construción, identificándoa coma posible resto dun edificio monástico, unha daquelas fundacións familiares tan características da época, semellantes as próximas de Oira, Requeixo, San Ouxea e San Vincenzo de Louredo das que se pode seguir o seu rastro documental no Tumbo Vello de Celanova, tamén coñecido como Libro Becerro Gótico do que non hai moito fíxose unha edición completa, ó coidado de José M. Andrade, polo Consello da Cultura Galega.

Non é, como veremos, o único resto conservado da documentada existencia pero irrecoñecible configuración dun singular monumento da época mozárabe nas inmediacións da Cidade de Ourense, pero si o máis recoñecible e identificable, dende o principio, dos existentes. Vinte anos despois daquela primeira noticia, obras de reforma no edificio no que se encontraba chantada a fiestra, permitiron a súa recuperación e

ingreso no Museo, logo de diversas xestións e da doazón por parte dos propietarios, os irmáns Fernández González, que nos facilitaron recentemente unha nova peza, de máis difícil atribución, e que lle tiñan prometida a don Xesús Ferro dende aquelas datas. Esta última fora identificada no seu día por don Xesús Ferro Couselo como “pía bautismal” da antiga capela de Santa Catalina de Reza Vella, e a quen don José Fernández González e os seus irmáns prometeran entregárla.

A fiestra é unha peza sinxela, aberta nun bloque granítico único, aínda que hoxe, logo da súa rotura cando se sacou do seu lugar, apareza como a unión de cinco fragmentos. No bloque abríronse dous ocós verticais rematados en senllos arcos ultrasemicirculares, tendentes caseque o círculo, subliñando os elementos estruturais da peza cun livián surco que os resalta, o que levou a Yolanda Barriocanal a paralelizala directamente coa fiestra de San Xoán de Camba, que ten unha presentación similar. En efecto, as formas acentúanse por un sinxelo listel a penas refundido, a modo de filete que as contorna, liña que tamén segue o canto do bloque, formando un a modo de marco cuadrangular, roto na parte baixa dunha maneira apropiada para encastar o cumio dun tellado a dobre vertente. Na parte superior dos arcos, na enxuta, un triángulo, tamén en negativo único adorno desta peza constructiva, da que son coñecidos moitos paralelos, dos que deu conta X.C. Rivas nas páxinas do Boletín Avriense, e ás que cabe atribuír unha cronoloxía na décima ou undécima centuria, datas acordes coas informacións documentais coñecidas sobre Santa Catalina de Reza Vella.

A rotura do marco decorativo e a súa forma, como para encastala no cumio dunha cuberta a dobre auga, fainos pensar nunha reutilización nesa posición, afastada da que é máis habitual noutras fiestras desta mesma época, colocadas no centro das paredes frontais das ábsidas como aparecen as conservadas na súa posición como as de Santa Eufemia de Ambía por exemplo.

Así como esta peza ofrece en si mesma algunhas orientacións cronolóxicas por razóns



A VENTÁ IN SITU. 1950

estilísticas e formais, outros elementos recoñecibles e conservados nos muros tanto da edificación de procedencia como noutras construcións inmediatas, ofrecen meirande dificultade, a pesares de seren tamén elementos de interese. Entre eles destaca a peza hai pouco ingresada no Museo, que parece máis que unha pía bautismal, un restos constructivo a xeito de tímpano dunha porta, diversos pilastra prismáticos, de sección caseque cadrada de entre 40 e 45 cm de lado e altura de pouco máis dun metro, ata un metro trinta nas maiores das pezas paralelas, con decoración de puntas de diamante, nunha ou dúas caras, en todo semellantes os aparecidos no propio edificio do Museo, ou outro de Peliquín e que constitúen un conxunto de elementos decorados que teñen sido atribuídos tamén ó período galaicorromano. Hai tamén pezas con decoración de sogueado, outros con rosetas hexapétalas, todas en granito e con dimensións semellantes entre si.

A pesares da súa modestia, os restos existentes revelan a existencia dun punto de interese, un dos poucos monumentos de época mozárabe recoñecibles no entorno da Cidade de Ourense; emporiso a información documental deste primeiro momento é escasa, limitándonos a supoñer que formaría como un dos tantos eremitorios e fundacións monásticas familiares ou oratorios existentes nas marxes fluviais do Miños e Sil, aqueles que lle deron sona de Riboira Sacrata, resultando impo-

sible polo momento facer unha proposta razoable ou hipotética da súa configuración monumental, a pesares do número significativo de elementos conservados.

Nos anos do século XI sería doado ó xeográficamente próximo mosteiro de San Miguel de Bóveda de Amoeiro, do que proceden tamén algúns dos restos constructivos que se mostran no Museo a par da fiestra e que non gardan relación cos restos do templo románico alí existente, remodelación do primitivo e inicial, coetáneo do oratorio de Reza Vella como parecen testemuñar os propios restos constructivos recuperados desta procedencia e cronoloxía, doados por don Faustino Fernández, resultando o primitivo edificio refeito na época románica avanzada, nos finais do século XII, data de fábrica actual de San Miguel de Bóveda, aínda que hoxe a igrexa monacal estea transformada en edificio habitacional.

A vila de Reza, e con ela o oratorio de Santa Catalina proseguiu en posesión de San Miguel de Bóveda ata os anos finais do século XV, cando, nos procesos de reforma das ordenes monacais, ficarían incorporados ámbolos dous ós dominios de San Clodio do Ribeiro de Avia.

Finalmente compre sinalar que, como as outras pezas identificadas resultan difíciles de mover sen unha obra axeitada e o apeo necesario por estaren algunhas chantadas nunha medianeira, considérase conveniente que, no seu caso de facérense obras de remodelación destes edificios, puidera aproveitarse a ocasión para a recuperación dos máis dos elementos recoñecibles, como singulares testemuñas que son dun monumento pouco coñecido e que merecería ser reinterpretado, aínda que só fose conxecturalmente, e do que hoxe podemos coñecer algo máis e conservar a memoria gracias a doazón dos irmáns Fernández González, que compre agradecer e que agardamos poda servir de estímulo a novas doazóns para o Museo e as coleccións públicas.



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.  
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

### PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.  
MAQUETA: Araceli Gallego. DEPOSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

